



Resolución do 11 de xaneiro do 2024 de nomeamento do tribunal de selección de prazas de xestores de proxecto convocadas pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para a xestión de proxectos europeos na Unidade de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria

Segundo o establecido no artigo 59 da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, no artigo 15 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, e na restante normativa aplicable, e de acordo co artigo 11 do V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia; en uso das facultades conferidas polo antedito *Decreto 112/2015, do 31 de xullo*, esta xerencia

RESOLVE

Nomear o tribunal que deberá facer a selección das prazas de xestores de proxecto que convoque a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para a xestión de proxectos europeos na Unidade de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria, segundo as bases recollidas na correspondente convocatoria.

Dito tribunal ten a seguinte composición:

Presidencia:

- Director/a da Área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria, que poderá ser substituído/a por ausencia por:
 - Director/a da Área de Xestión do Coñecemento e o Talento
 - Xefe/a de Servizo da Unidade de Asesoramento Científico-técnico

Secretaría:

- Xefe/a do Servizo de Xestión, que poderá ser substituído/a por ausencia por persoal do Servizo de Xestión.

Vogal:

- Persoal funcionario ou persoal estatutario do subgrupo A1 da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.



A este tribunal resúltanlle de aplicación as instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección do 11 de abril de 2007 e o Acordo adoptado no Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo a Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 24 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso de alzada ante a Presidencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ao amparo do artigo 121.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

Xerente

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

